

## ORGANIZACIÓN E ACTIVIDADE DOCENTE

### Curso 2017/2018

CASO 674/451 Data 12/09/2017

Reclamante: Alleo                      Motivo                      Informar ao valedor universitario do mal funcionamento en xeral da UDC e os seus docentes: "Me dirijo a Vd. con el único fin de manterle informado acerca del funcionamiento de la Universidad de A Coruña y sus docentes, mi queja es general pues somos bastantes las familias afectadas, es importante que Vd. esté al corriente de los problemas con que se encuentran los alumnos universitarios coruñeses que deben desplazarse a las Universidades en Ferrol diariamente. Puede leer mi opinión en la página de UDC en Facebook, no he faltado al respeto a nadie pero si explico la realidad de este alumnado puesto que solo publican la cara bonita de ésta Universidad y a muchas familias nos parece una falta grave de respeto que los docentes no acudan a impartir sus clases mientras nosotros pagamos el transporte diario, que no es económico precisamente, para que los alumnos vayan a sus clases. Le agradezco la atención recibida, ya sé que nadie va a hacer absolutamente nada y que el funcionariado docente seguirá disfrutando de sus privilegios, no obstante, muchos nos encargaremos de aliviar esta injusticia allá donde vayamos".

Inicio: 12/09/2017

Remate: 12/09/2017

---

Actuacións	Análise da documentación enviada pola reclamante.
Resolución	A xefa do Gabinete de Comunicación da UDC enviara un correo á reclamante o propio 12/09/2017 para comunicarlle que os órganos competentes xa estaban avisados e que se ía proceder a pedir un informe ao centro agora que a propia interesada acababa de informala do centro en que sucedera o asunto (correo das 16:20h do 11/09/2017). Tras comentarlle que por parte da Reitoría se estaban a dar os pasos correctos e que non se pode xulgar un caso sen oír primeiro as dúas partes, a xefa do Gabinete de Comunicación remata o seu correo coa indicación á reclamante de que se aínda así considera que non están facendo o suficiente, pode acudir ao valedor universitario. Vista a petición expresa que me dirixe a reclamante "con el único fin de manterle informado", visto que o asunto estaba xa en mans da Reitoría, e dado que, en todo caso, a persoa que debería terse dirixido a min nunha cuestión desta índole era o propio alumno, como membro da comunidade universitaria, procedo ao arquivo do caso.

---

CASO 680/457 Data 26/10/2017

Reclamante: Alumno                      Motivo                      Denéganlle, sen motivación, o cambio de TFG solicitado como opción para poder defendelo no 1.º cuatrimestre, e isto a pesar de que no regulamento dos TFG do centro se recolle explicitamente que "aínda que o TFG está asignado ao segundo cuatrimestre, se a superación dese traballo supón o remate dos estudos, o alumno poderá defendelo no período establecido para a primeira oportunidade do primeiro cuatrimestre". Por motivos laborais, o director do TFG que elixira non podía dirixirlllo no 1.º cuatrimestre, mais dispoñía da conformidade dos dous directores doutro TFG que o aceptaban para dirixirlllo nese 1º cuatrimestre.

Inicio: 26/10/2017

Remate: 24/11/2017

---

Actuacións	Dirección do centro e Servizo de Organización Académica.
Resolución	A denegación pola comisión de TFG do centro, motívase polo Servizo de Organización Académica da universidade en cuestións de procedemento, pero entendo que tamén puideron producirse erros ou imprevisións no procedemento por parte do centro que conviría considerar para non prexudicar o alumno e que deberían

---

---

ser corrixidos de cara ao futuro. Así, unha vez analizado o asunto en detalle, procedo á elaboración dun pequeno documento a modo de informe/recomendacións dirixido ao decano, que deseguido se recolle, e do que se envía unha copia ao alumno:

O 26/10/2017, un alumno do Grao en \*\*\* diríxese a min preocupado por que lle fora denegado o cambio de TFG que solicitara formalmente na facultade o 13/10/2017. Para explicar a súa situación, achégame un correo electrónico, con data do 24/10/2017, dirixido por el á xefa da Sección de Xestión Académica e Plans de Estudo con copia ás vicerreitorías de Oferta Académica e Innovación Docente e de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria, en que inclúe un correo da Secretaría do decanato, do 20/10/2017, que recolle, como único contido: “Comunícoche acordo da Comisión da non concesión do cambio de TFG solicitado o día 16 de outubro.”

Como queira que o alumno parecía cumprir co único requisito formal de non ter pendente máis que o TFG para rematar os seus estudos de grao, necesario para poder defender o TFG en calquera das datas establecidas polo centro desde o inicio do curso académico (artigo 3.4 da Normativa reguladora da matrícula e a defensa do traballo fin de grao e do traballo fin de mestrado da Universidade da Coruña e artigo 6.10 do Regulamento dos traballos de fin de grao nos títulos da Facultade de \*\*\*), e que non achegaba copia de ningunha resolución decanal en resposta á súa solicitude con rexistro de entrada do 13/10/2017, solicítolle que ma remita co fin de coñecer e valorar os motivos da denegación.

Ante a comunicación do alumno de que o referido correo da Secretaría do decanato era a única resposta que recibira por parte da facultade, contacto coa xefa da Sección de Xestión Académica e Plans de Estudo para interesarme por se se estaban xa a dar os pasos necesarios para coñecer o fondo da cuestión. Como queira que o asunto está a ser tratado cos bos oficios pola devandita xefa da Sección, en contacto co decano, e como queira tamén que a cuestión é coñecida pola Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente, mantéñome á espera de que se clarifique a situación.

O 07/11/2017, a xefa da Sección de Xestión Académica e Plans de Estudo remite un correo ao interesado, con copia ao valedor universitario, en que o informa do contido do informe emitido polo decano en que explica os motivos da denegación do cambio de TFG solicitado polo alumno.

Visto o informe do decano coas motivacións que conduciron á desestimación da solicitude de cambio de TFG formulada polo alumno \*\*\*, analizadas a normativa reguladora da matrícula e a defensa do TFG de aplicación en todos os centros da UDC e o regulamento dos TFG da Facultade de \*\*\*, e tomando en consideración o procedemento aplicado polo centro para a asignación dos TFG, entendo que:

- a) Na Facultade de \*\*\* estase a facer un esforzo moi considerable por dar unha axeitada saída á xestión dun número de TFG especialmente elevado.
- b) A normativa reguladora da matrícula e a defensa do TFG da UDC recoñece expresamente o dereito do alumnado que só teña pendente a realización do TFG para rematar os seus estudos a defendelo fóra do período habitual (2.º cuatrimestre).
- c) O artigo 6.7 do regulamento dos TFG da Facultade de \*\*\* recoñece a posibilidade de modificación da listaxe definitiva cando se efectúa de común acordo entre o alumnado e o profesorado, sempre que a comisión informe favorablemente.
- d) O obxecto do punto seguinte deste regulamento (6.8) non parece ser outro máis que o de ofrecer unha

---

alternativa á listaxe de TFG ofertados polo centro, posibilitando, así, a realización de proxectos sobre temas específicos que poidan ser do interese do alumnado [“O estudante poderá así mesmo, desenvolver un proxecto sobre un tema específico do seu interese...”]. Aínda que o desenvolvemento dun proxecto específico podería levar consigo á súa realización no primeiro cuadrimestre de mutuo acordo co profesorado que o dirixe, nada fai presaxiar que esta vai ser, na práctica, a única alternativa para quen desexe exercer o seu dereito a realizar o seu TFG no 1.º cuadrimestre. Pola contra, a referencia que se fai ao remate do 6.8a) a que “Os traballos asignados por este medio figurarán na listaxe á que fai referencia o punto 6.7” mesmo estaría a facer extensiva aos TFG sobre temas específicos a posibilidade dunha modificación posterior.

- e) Dos 28 TFG/liñas ofertados ao alumnado do Grao en \*\*\* hai 7 en que se fai referencia ao período de realización (\*\*\*). Quer por falla de celo ou dilixencia quer por lle xurdir con posterioridade a posibilidade de ser contratado como graduado na empresa en que estaba a traballar, a realidade é que o alumno elixira inicialmente un dos poucos TFG en que se fai referencia explícita (a través dun enlace) á súa realización no 2.º cuadrimestre. Aínda así, ao non haber ningunha advertencia concreta en ningún dos TFG ofertados sobre a imposibilidade de realízalos no 1.º cuadrimestre en casos debidamente xustificadas, podería interpretarse que si sería posible levalos a cabo ou, cando menos, que se podería cambiar de TFG, en caso necesario. Os puntos 6.7 e 6.10 do regulamento do centro avalarían esta posibilidade.
- f) O punto 6.10 do Regulamento recolle: “Aínda que o TFG está asignado ao segundo cuadrimestre, se a superación deste traballo supón o remate dos estudos, o alumnado poderá defendelo no período establecido para a primeira oportunidade do primeiro cuadrimestre e, de ser o caso, na oportunidade de xullo. Para isto o alumnado deberá facer a correspondente solicitude, avalada polo/a director/a, ante o/a decano/a que será quen resolverá”. A norma non fixa prazos a este respecto e estes tampouco parecen terse feito explícitos no procedemento de selección e asignación de TFG, polo que unha tardanza de 9 días desde a selección (4 de outubro) ata a presentación da solicitude de cambio (13 de outubro) aínda que non pode cualificarse de dilixente tampouco parece excesiva, especialmente se o alumno estaba na crenza de que podería desenvolver o TFG por el elixido durante o 1.º cuadrimestre.
- g) Nas circunstancias en que parece terse desenvolvido o proceso de selección e asignación dos TFG, unha resposta favorable ao cambio de TFG avalada polos titores de ambos os traballos e cunha base xustificada (dereito recoñecido por restarlle só o TFG para rematar os estudos, expectativas de consolidación de traballo de rematalos a tempo) non cabe pensar que puidese derivar nunha situación de agravio comparativo co resto do alumnado. Pola contra, o agravio si podería darse de existiren estudantes nas mesmas circunstancias que o interesado e con menos méritos que este, se os seus directores de TFG aceptasen tutelalos durante o primeiro cuadrimestre.

Recomendacións

Á vista do sinalado, de non existiren elementos que eu descoñeza

---

---

(ex. claras indicacións ao alumnado de que a proposta de temas específicos era a única vía considerada para poder preparar e defender o TFG no primeiro cuatrimestre, existencia de prazos incumplidos polo alumno para solicitar o cambio do TFG...), e a pesar de que a forma de enfrontar o alumno a situación puido non ter sido a máis axeitada (falta de consulta previa para ver como dar saída á súa situación, tempo transcorrido entre a elección e a solicitude de cambio), considero razoable pedir unha nova análise da situación por parte da comisión de traballos de fin de grao do centro, que teña en conta todo o aquí referido e a transcendencia que podería chegar a ter para o interesado un pronunciamento desfavorable á súa solicitude de cambio de TFG [O alumno manifesta dispor neste intre dun contrato de traballo e ter serias posibilidades de ser contratado de novo como graduado pola mesma empresa ao rematar o seu actual contrato o vindeiro mes de marzo].

De cara a vindeiras ofertas de TFG pola Facultade de \*\*\*, recomendo clarificar mellor as opcións do alumnado ao que só lle resta o TFG para rematar os seus estudos, incluíndo como unha nova epígrafe da ficha de cada TFG ou como un apartado específico do “Programa de Traballo” un pronunciamento explícito dos/as docentes sobre a “Posibilidade de realización do TFG no 1.º cuatrimestre” (só para alumnos aos que non lles reste máis que o TFG para rematar os estudos).

Reunida a comisión de TFG do centro, analizan a situación e infórmanme da decisión de ratificar a desestimación da solicitude do alumno e de aceptar a miña proposta para os vindeiros cursos.

O 24/11/2018 enviólle un correo electrónico ao alumno en que lle aconsello falar co seu titor por se, a través dun acordo conxunto entre os titores de ambos os traballos (o que ten asignado e o que pretendía realizar), puidese darse algunha solución alternativa, dentro do marco establecido.

---

**CASO 693/470** Data 14/02/2018

Reclamante: Alumno	Motivo	Alumno da UDC matriculado nun mestrado interuniversitario (Universidade de Vigo/Universidade da Coruña) que denuncia, en nome do alumnado da UDC, varias deficiencias ou carencias en cuestións como a tecnoloxía empregada para o seguimento das clases en liña ou o software para a realización das prácticas dunha materia, e especialmente a diferenza de créditos que deben cursar por quen, accedendo a través dunha mesma titulación, se matricula na UVIGO ou na UDC: o plan de estudos inclúe dúas materias de 6 créditos como complementos formativos e estas materias sonlle logo computadas tamén como optativas ao alumnado da UVIGO, de xeito que só precisan así cursar 60 créditos para rematar o mestrado fronte aos 72 que ten que cursar o alumnado da UDC.
Inicio: 21/02/2018		
Remate: 18/04/2018		
Actuacións		Coordinador do mestrado e Tribunal de Garantías da Universidade de Vigo.
Resolución		Recibida a queixa, o 21/02/2018 solicito un informe ao coordinador do mestrado na UDC. O 05/03/2018, o coordinador informa que, sobre os aspectos denunciados á marxe da diferenza do número de créditos que cómpre cursar, ou non se correspondían con materias impartidas pola UDC –en cuxo caso xa informou ao coordinador da UVIGO para solucionarlos–, ou tiñan unha solución doada se o alumnado llo notificara (software). Con respecto aos créditos para cursar na UDC, indica que a coordinación do mestrado na UDC entende que nesta universidade se está a cumprir axeitadamente co que corresponde, tal e como o informaran desde o Servizo de Organización Académica da UDC (SOA).

---

---

O 09/03/2018 solicito a colaboración do presidente do Tribunal de Garantías da UVVIGO sobre o asunto dos créditos. Tras manifestarlle a miña opinión coincidente co ditame do SOA e co exposto polo coordinador do mestrado pola UDC, pídolle un pronunciamento por parte da UVVIGO, co fin de velar por unha correcta aplicación do sistema de ordenación académica e co axeitado cumprimento do estipulado na memoria de verificación do título, e en defensa da equidade no marco do sistema universitario galego que ambos defendemos con profunda convicción.

O propio 09/03/2018 envíounha copia ao alumno do informe do coordinador da UDC e mais do oficio remitido ao presidente do Tribunal de Garantías da UVigo, e anúnciollle o envío da resposta solicitada.

O 16/04/2018 recibo a resposta do meu colega da UVigo que deseguido se recolle:

Con data 15 de marzo de 2018 recibíuse neste tribunal de garantías un escrito no que se solicita información acerca dun posible caso de trato discriminatorio relacionado coa impartición do Máster Interuniversitario en \*\*\* (UVigo/UDC).

Feitas as correspondentes indagacións sobre as circunstancias que concorren no caso suscitado, o Tribunal de Garantías acordou solicitar un informe ao Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao desta universidade. Tras a recepción e análise do contido do informe, compróbase a existencia dun erro na estrutura do plan de estudos do devandito máster imputable á Universidade de Vigo. O devandito erro é o que posibilita que o alumnado da Universidade de Vigo utilice os complementos de formación como una materia optativa máis.

Recoñecida e constatada esta deficiencia, o Tribunal de Garantías dirixírase aos órganos responsables da Universidade de Vigo para que procedan a modificar a estrutura do plan de estudos do máster, co fin de garantir que aquelas materias que constituían complementos de formación estean claramente diferenciadas nun módulo separado.

Como anexo a este escrito, xúntase o informe do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao no que se recoñecen os erros existentes na elaboración do plan de estudos do máster por parte desta universidade.

O 18/04/2018 remitimos esta información ao alumno, ao coordinador do mestrado pola UDC e ao Xefe do SOA.

---

## Curso 2016/2017

**CASO 646/423** Data 04/10/2016

Reclamante: Alumna	Motivo	Ten a maioría das materias aprobadas dunha das dúas titulacións dun dobre grao e quédanlle por superar a maioría das materias da outra titulación. Ao estar obrigada, por normativa, a matricularse dun mínimo de 66 créditos e verse forzada a coller só materias desa segunda titulación, encóntrase con que tería que cursar todos eles nun mesmo cuadrimestre (o primeiro). Pretende que se lle permita cursar algunhas desas materias durante o segundo cuadrimestre, xunto cos estudantes da titulación simple, mais no centro non llo permiten.
Inicio: 06/10/2016		
Remate: 06/10/2016		
Actuacións		Normativa.
Resolución		Comunicáselle que a súa situación non ten ningunha solución de carácter formal, ao serlle ineludiblemente de aplicación diversas normas aprobadas polo Consello de Goberno da UDC que impiden, tanto ao propio centro como á Reitoría, unha solución como a que propón. Indícaselle que grandes desequilibrios na superación de materias

---

---

de ambas as titulacións chocan coa propia organización da dobre titulación e causan serios problemas para o alumnado que se atopa nesa situación, sen que para iso o sistema, pola súa propia natureza (a simultaneidade), teña previsto ningún tipo de solución. Dado que a UDC ofrece tamén a posibilidade de estudar cada titulación por separado, non é doado participar formalmente dun sistema mixto para o que a Administración non ten nada previsto pola propia lóxica da dobre oferta (un programa de simultaneidade –no que pequenos desequilibrios na superación das materias non causan maiores problemas– e titulacións simples). Anímaselle a explorar a posibilidade que xa lle apuntaran no centro, consistente en procurar unha flexibilidade nalgúns materias en canto ao réxime de asistencia a clases durante o primeiro cuatrimestre e de poder asistir como oínte noutras durante o segundo cuatrimestre –canda o alumnado do grao simple– intentando superalas na oportunidade de xullo. Suxíreselle, por último, pensar na posible conveniencia de abandonar a dobre titulación, matricularse e rematar primeiro a titulación que ten practicamente acabada e, unha vez feito, matricularse, se o desexa, na outra titulación.

---

**CASO 662/439** Data 10/05/2017

<p>Reclamante: Alumnado</p> <p>Inicio: 11/05/2017</p> <p>Remate: 16/05/2017</p>	<p>Motivo</p>	<p>Un grupo de estudantes presenta unha queixa sobre un profesor. Indican que tiveron múltiples problemas con el, que non se adecúa ás normas que el mesmo establece e relatan toda unha serie de anomalías que din terse producido: esixe puntualidade ao alumnado e el é impuntual, trata con falla de respecto ao alumnado...</p>
	<p>Actuacións</p>	<p>Normativa.</p>
	<p>Resolución</p>	<p>Infórmoos que polo contido das queixas, parecen xuntarse cuestións do pasado con outras do presente e descoñeceo ata que punto algunhas desas cuestións foron tratadas ou non polo centro ou a Reitoría, como sería preceptivo. Coméntolles tamén que, coa actual formulación, a queixa non pode ser admitida a trámite e ser tratada directamente na Oficina do Valedor Universitario, convídoos a se reuniren comigo para falar polo miúdo de como abordar as diferentes situacións que relatan. Reunidos o 16/05/2017, falamos abertamente sobre todas as cuestións, infórmoos amplamente da normativa e de como proceder en cada caso no momento en que os feitos se producen, antes de que prescriban. Entre outras cuestións, coméntolles que no tocante aos contidos da materia impartida e ao seu axuste ou non á memoria de verificación poden acudir directamente á dirección do Departamento e que non necesariamente todo ten que pasar polo decanato.</p>

---

**Curso 2015/2016**

**CASO 622/399** Data 08/03/2016

<p>Reclamante: PDI</p> <p>Inicio: 06/04/2016</p> <p>Remate: 13/04/2016</p>	<p>Motivo</p>	<p>A xunta de centro non accede á súa petición de manter a proporción do 50% de clases interactivas e o 50% de expositivas, tal e como estaba catro anos atrás con bos resultados. Solicita aclaracións por parte da UDC sobre se o profesor ten ou non a potestade de distribuír o tempo entre teoría e práctica dentro da aula; que se lle explique ao seu decano que non se trata de cambiar o valor dos créditos, nin é algo que afecte aos horarios do centro; que tras a aclaración pertinente, a UDC tome as medidas necesarias para deixalo claro tamén na súa normativa; e</p>
--	---------------	---

---

que, como valedor universitario, intente abrir un espazo de debate no claustro de profesorado sobre o absurdo de alentar e obrigar aos profesores a faceren reformas que logo son tiradas para atrás, sen motivo ningún, argumentando que non é posible levalas a cabo.

Actuacións	Normativa.
Resolución	<p>O asunto sometido á consideración do valedor universitario fora xa atendido, en boa medida, nun informe remitido á interesada o 24 de abril de 2015 en resposta a diversas cuestións formuladas o 14 e o 20 de abril de 2015. No informe remitido á interesada o 13/04/2016 reproducíase integramente a resposta do 24/04/2015, concréntanse e matízanse algunhas cuestións abundando na normativa de aplicación e considerando o estipulado na memoria verificada do título, e preséntanse as consideracións finais que deseguido se reproducen:</p> <p><i>Consciente de que tanto a diversidade na programación dos tempos como os diferentes enfoques dados á docencia de cada materia por cada profesor/a constitúen elementos enriquecedores para a formación do alumnado, e partindo do máximo respecto posible polos dereitos e as liberdades dos diferentes axentes afectados (profesorado da materia, outro PDI sobre o que puidese repercutir unha repartición desigual da docencia no POD e estudantes), como valedor universitario amósome partidario de que as normas que se requiren para levar adiante un proceso de organización desta índole constrinxan o menos posible as liberdades de cada grupo de interese, respectando ao mesmo tempo os dereitos de todos os demais.</i></p> <p><i>En calquera caso, dentro do marco de respecto polos dereitos e as liberdades de todos os membros da comunidade universitaria, as competencias en materia de política universitaria recaen nos órganos de goberno da institución. Así, tendo en conta a) que tanto o decanato como a xunta de centro da facultade parecen ter actuado dentro do marco das súas propias competencias, b) que o tratamento dado ás materias que vostede imparte coincide co dado ás demais materias de carácter básico e obrigatorio que configuran o plan de estudos, sen que se aprecie ningún signo de arbitrariedade ou de agravio comparativo, e c) que en uso da súa liberdade de cátedra lle corresponde a vostede mesma exercer o seu labor docente como estime oportuno dentro da distribución dos grupos e dos tempos acordados pola xunta de centro e co emprego das metodoloxías docentes que se recollen na memoria verificada do título para as súas materias, non parece procedente ningún tipo de chamada de atención pola miña parte ao decano do seu centro.</i></p> <p><i>Aínda carecendo dos coñecementos precisos para entrar a valorar as circunstancias que levan a cada centro da UDC a unha determinada organización das súas ensinanzas, a ninguén nos escapa que as serias restricións que se están a sufrir en materia de contratación de profesorado e de recursos materiais para a docencia poden ter moito que ver coas limitacións que se están a impoñer na organización docente e que están a abocar ao profesorado a ter que modificar con demasiada frecuencia a programación e a configuración da docencia das súas materias.</i></p> <p><i>A respecto da súa solicitude de que eu tente abrir un espazo de debate no Claustro sobre o absurdo de alentar e obrigar aos profesores a faceren reformas que logo son tiradas para atrás, sen motivo ningún, argumentando que non é posible levalas a cabo, debo comunicarlle que ao valedor universitario non lle corresponde entrar abertamente en debates de política universitaria, aínda que si efectuar as suxestións e recomendacións que estime oportuno. A este respecto, debe terse en conta que 'a condición de valedor universitario é incompatible co desempeño de calquera cargo de representación ou goberno universitario' (art. 11 do Regulamento</i></p>

**CASO 626/403** Data 14/03/2016

Reclamante: De oficio	Motivo	A aplicación da Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo dos estudantes de grao na Universidade da Coruña, aprobada no Consello de Goberno do 29 de maio de 2012, está a bater de fronte, en moitos casos, cunhas guías docentes en que non se consideran, en absoluto, medidas que fagan posible a dispensa académica á que se alude nos seus artigos 3.b) e 4.5
Inicio: 14/03/2016		
Remate: 14/03/2016		
	Actuacións	Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente.
	Resolución	<p>Remítese un escrito de recomendación á vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente no que se recolle:</p> <p><i>A Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo dos estudantes de grao na Universidade da Coruña, aprobada no Consello de Goberno do 29 de maio de 2012, intenta dar unha axeitada resposta aos dereitos que os reais decretos 1393/2007, 861/2010 e 1791/2010 confiren ás persoas que teñen dificultades para poder cursar estudos cun réxime de dedicación a tempo completo. Porén, na práctica, a aplicación desta norma está a bater de fronte, en moitos casos, cunhas guías docentes nas que non se consideran, en absoluto, medidas que fagan posible a dispensa académica á que se alude nos seus artigos 3.b) e 4.5. Tamén, lamentablemente, a día de hoxe seguen aínda a aprobarse guías docentes en que non figuran explicitamente recollidos os criterios e as actividades de avaliación para a segunda oportunidade, aos que se alude nos artigos 3 e 8.b) das Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario.</i></p> <p><i>Para corrixir, na medida do posible, estas importantes cuestións, recomendo unha pequena modificación na estrutura das guías docentes consistente en:</i></p> <ol style="list-style-type: none"><li><i>1) Que dentro do apartado "Metodoloxías" se faga explícita a necesidade de fixar as condicións para o estudo a tempo parcial, ás que se podería acoller quen obtivera a condición de estudante a tempo parcial.</i></li><li><i>2) Que o apartado "Avaliación" se subdivida en dous (1.ª oportunidade e 2.ª oportunidade) e que cada un destes apartados se subdivida á súa vez noutros dous ("tempo completo" e "tempo parcial").</i></li></ol> <p><i>Partindo da base de que o alumnado ten recoñecidos todos os dereitos aos que aquí me estou a referir, todos estes apartados das guías docentes deberían ser obrigatoriamente cubertos, mesmo naqueles casos de imposibilidade de adaptación por razóns académicas ou orzamentarias, as cales deberían ser claramente motivadas e avaladas polo departamento que corresponda.</i></p>

**CASO 638/415** Data 07/07/2016

Reclamante: Alumna	Motivo	Quéixase pola imposibilidade de compaxinar estudos e traballo, de modo que por esta razón decidiu deixar os estudos por un tempo. Non obstante, non desiste e pide que, por favor, se pense un pouco no alumnado que non pode dedicarse enteiramente ao estudo.
Inicio: 11/07/2016		
Remate: 11/07/2016		
	Actuacións	Normativa.
	Resolución	<p>Ademais de ao valedor universitario, o escrito de queixa foi remitido simultaneamente pola interesada a diversos órganos de goberno do seu centro.</p> <p>O 11 de xullo de 2016 dáse resposta á alumna mediante un correo co seguinte contido:</p> <p><i>Comparto con vostede a necesidade dunha maior implicación dos</i></p>



---

centros e do seu profesorado para facer realmente posible a compatibilidade dos estudos universitarios co traballo e con diversas outras circunstancias.

É este un asunto polo que me veño preocupando desde ben antes de que vostede me dirixira un primeiro escrito ao respecto, en outubro de 2013, e polo que me sigo a preocupar na actualidade. Na presentación anual da memoria do Valedor Universitario perante o Claustro Universitario é este un dos asuntos nos que máis incido pola grande importancia que lle recoñezo.

Lamentablemente este é un asunto bastante recorrente tamén na maioría das universidades españolas. Vanse producindo algunhas melloras, pero queda aínda moito camiño por percorrer.

Como vostede saberá, o órgano do Valedor Universitario non ten capacidade executiva. Porén, seguirei insistindo neste tema na medida das miñas competencias, tanto con accións puntuais naqueles casos concretos que se presentaren na miña oficina como dirixíndome ao profesorado e, especialmente, aos órganos de goberno competentes na materia, na liña que pode vostede apreciar da lectura das memorias anuais presentadas perante o Claustro e dos documentos que lle achego xunto a este correo.

Desde a nosa oficina faremos unha nova prospección de guías docentes en diversos centros e insistiremos perante os seus decanos/directores para que velen pola efectividade do dereito que asiste ao alumnado a compatibilizar os estudos con outras actividades.

A interesada agradece a resposta e pídeme que, por favor, non desista.

---

**CASO 641/418** Data 26/07/2016

Reclamante: Alumna	Motivo	Relata como a pesar de intentar poñerse en contacto co titor do seu TFM mediante o envío dalgúns correos electrónicos e <i>whatsapp</i> entre os meses de abril e xuño, non recibe resposta ningunha, polo que se decide a elaborar o traballo pola súa conta. Cando se aproxima a data límite para a sinatura do informe do titor, decide volver escribirlle e segue sen obter resposta. Contacta, entón, coa coordinadora do mestrado e o titor envíalle un correo electrónico en que lle solicita ver o traballo. Remítelle un dos borradores finais coa advertencia de que non se trataba da versión final e que aínda quedaban varios días para a data de entrega. Con posterioridade a ese envío, remata o traballo sen que, entre tanto, volva ter noticias do seu titor. Aínda así, decide escribirlle novamente para saber se precisaba facer algunha mellora nos días que restaban para a entrega. A pesar de non contar co pronunciamento do titor, o 25 de xullo (día festivo en que remataba o prazo de entrega dos TFM) remite o traballo completo por medio do correo electrónico para que quede constancia de que o entregou en prazo. O 26 de xullo, cando só faltaban dous días para a defensa dos TFM, programada para o día 28, decide enviar unha nova mensaxe ao titor e contacta coa coordinadora. Do primeiro non obtén resposta e a segunda comunícalle que quedara estrañada cando recibira o seu traballo final o día 25, pois o titor lle comentara que non daba a súa aprobación para a defensa do TFM, xa que cando el o revisara faltaba un apartado. Tras recalcar que nunca xamais lle foi posible ter unha titoría co seu titor e que este nunca lle respondeu aos seus intentos de contactar con el, solicita o amparo do valedor universitario para poder defender o seu TFM o 28 de xullo.
Inicio: 26/07/2016		
Remate: 27/07/2016		
Actuacións	Normativa.	
Resolución	A alumna non menciona en ningún momento de que mestrado se trata, nin os nomes da coordinadora e do titor, e non achega	

---

ningunha documentación en apoio dos seus argumentos. Porén, ao tratarse dun asunto urxente e que, de corresponderse co relato da alumna, podería implicar un serio deixamento de responsabilidades que cumpriría corrixir de inmediato na procura dunha solución satisfactoria para a afectada, o 27 de xullo ás 11:50h remítolle un correo electrónico para informala do seu dereito a unha tutela efectiva do seu traballo, recoméndolle contactar de urxencia coa dirección do seu centro, pedir ser recibida para aclarar todo o sucedido en compañía da coordinadora do mestrado e do titor do TFM e levar con ela toda a documentación da que dispoña en defensa dos seus argumentos. O correo remata aconsellándoa de que en caso de que finalmente non consiga resolver a situación e considere que se están a vulnerar os seus dereitos, presente unha reclamación formal ante o/a decano/a ou director/a do centro, e que, de selo caso, e de non considerar axeitada a resolución, acuda de novo á nosa oficina, quer a modo de consulta, quer mediante a presentación dunha queixa formal.

---

## Curso 2014/2015

**CASO 567/344** Data 11/09/2014

Reclamante: Alumno	Motivo	Alumno con discapacidade ao que lle restan tres materias para rematar os seus estudos de grao, que ten dificultades para superalas e que considera que non se lle está a atender como corresponde á súa situación. Solicita que se adopten as medidas oportunas para non ter que abandonar os estudos.
Inicio: 11/09/2014		
Remate: 27/07/2015		
	Actuacións	Unidade de Atención á Diversidade (ADI), coordinadora de Atención á Diversidade do centro, direccións dos departamentos e dirección do centro.
	Resolución	<p>O alumno mantén unha mala relación con profesores de diversas materias, que arrastra de cursos anteriores e que mesmo levou a dous deles a presentaren queixas formais ante a dirección do centro por comportamento indebido.</p> <p>Tras informarme coa responsable da ADI, profesorado, coordinadora, dirección do centro e dirección dos departamentos, solicito a colaboración de todos para que se extreme o celo en poñer a disposición do alumno toda a documentación que lle resulte precisa e sexa atendido en titorías en todo canto lle corresponda polo seu grao de discapacidade.</p> <p>O 17 de setembro de 2014 informo o alumno do compromiso do profesorado de seguir en todo punto as propostas de adaptación feitas pola responsable da ADI. Comunícolle, tamén, que as/os directores dos departamentos, en tanto que responsables académicos da docencia, están á súa disposición e á do profesorado implicado para resolver calquera dúbida ou cuestión que teña que ver co cumprimento dos deberes contraídos por cadaquén. Finalmente, indícolle que unha vez fixadas as condicións requiridas para que poida cursar axeitadamente as tres materias que lle restan para rematar os estudos, é tamén a súa responsabilidade a de cumprir axeitadamente cos seus deberes como estudante, participando debidamente en todas as actividades docentes que lle correspondan e procurando manter unha actitude positiva e un trato correcto con todo o profesorado. Faise un seguimento con diversas intervencións ao longo do curso e o alumno consegue aprobar dúas das tres materias. Para a outra materia solicita e obtén o aprobado por compensación.</p>

---

Reclamante: Alumno	Motivo	Solicita mediación ante o coordinador do mestrado no seu proceso de matriculación, así como información sobre os criterios de avaliación do <i>Practicum</i> e a cobertura do seguro (desprazamento ao centro, posibles accidentes no laboratorio...)
Inicio: 17/10/2014		
Remate: 24/02/2015	Actuacións	Coordinador do mestrado.
	Resolución	<p><i>Resolución:</i> Trátase dunha persoa que antes de matricularse desexa coñecer detalladamente as condicións en que se desenvolverían os seus estudos, ao suspender xa o <i>Practicum</i> nunha ocasión e considerar que non se están a dar as condicións de escolarización requiridas nin existen uns procedementos de avaliación axeitados.</p> <p>Solicítase ao coordinador do mestrado un compromiso de reforzo do seguimento académico, que poida servir para infundir confianza á interesada, tendo en conta o seu estado anímico e a súa forma de enfocar as relacións coa Administración e a docencia partindo da súa bagaxe de formación e experiencia previa en ámbitos relacionados.</p> <p>Nun escrito remitido o 21 de outubro de 2014, o coordinador infórmame do compromiso da Comisión Académica do Mestrado de estudar a viabilidade dos requirimentos unha vez que a alumna formalice a súa matrícula. A alumna podería solicitar a avaliación anticipada do seu TFM, pero os prazos están xa ao límite para poder cursar o <i>Practicum</i>. Desde a Oficina do Valedor comunicamos esta información á interesada, ao tempo que a informamos sobre as condicións do seguro escolar e lle recomendamos que se matricule sen máis dilación.</p> <p>Tras recibir numerosos correos da alumna con novos requirimentos de información e de garantías previas á matriculación, remitidos directamente ao valedor universitario ou a outras instancias con copia ao valedor, o 28/10/2014 remitolle un correo coas seguintes consideracións:</p> <p><i>Como usuaria da Administración pública, ten vostede dereito a ser informada sobre as condicións estipuladas para o desenvolvemento dos estudos que pretende realizar, pero nestes momentos vostede non ten aínda a condición de alumna da Universidade da Coruña. Debe ter presente que os recursos humanos dos que dispón a Administración universitaria son limitados e non sempre permiten dar resposta inmediata e por escrito a todas as demandas, especialmente cando son realizadas por persoas alleas á institución e que se dirixen a ela dun xeito extraordinario e compulsivo.</i></p> <p><i>Debe vostede ter en conta que por mor da súa condición, tanto a Universidade da Coruña como os centros acreditados para a realización das prácticas, están suxeitos a unha lexislación e a unhas normas que deben garantir unha axeitada escolarización do seu alumnado.</i></p> <p><i>As garantías básicas que outorga a Universidade da Coruña para unha correcta escolarización no Mestrado emanan, entre outros, do plan de estudos da titulación, convenientemente verificado e aprobado de acordo coa legalidade vixente, dunha completa Guía das Prácticas Docentes, e da póliza de seguro subscriba pola UDC para todo o seu alumnado. Toda esta información está dispoñible na páxina web da Universidade e/ou da facultade.</i></p> <p><i>As prácticas do mestrado realízanse en centros que están baixo a dependencia directa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, coa que a UDC ten suscrito o correspondente convenio de colaboración. A propia Consellería é a responsable última da acreditación dos centros nos que haberán de impartirse as prácticas, polo que cabe supoñer que estes centros cumpren con todos os requisitos necesarios para que o alumnado do mestrado poida realizar as prácticas con plenas garantías de axuste á</i></p>

---

*legalidade. En todo caso, as responsabilidades en que eventualmente puideren incorrer estes organismos poderían ser demandadas ante eles mesmos ou, de consideralo preciso, por vía xudicial.*

*Unha vez matriculado, o alumnado dispón de responsables de centro, coordinadores e titores para ser orientado e informado con detalle, ou para resolverlle calquera dúbida ou problema que puidese estar relacionado co desenvolvemento das súas propias prácticas.*

*Entendo, pois, que se o que pretende realmente vostede é matricularse no mestrado, dispón para iso da suficiente información e garantías de cumprimento da legalidade.*

*Percibo que pretende vostede esixir que se lle aseguren previamente unhas condicións que ou ben xa están recollidas na norma ou ben implicarían un trato especial.*

*Confío en que tomará vostede a decisión máis conveniente para poder rematar axeitadamente os seus estudos de mestrado como alumna da Universidade da Coruña.*

Na Oficina do Valedor Universitario séguense a recibir continuos correos da interesada, antes e despois de matricularse. Son maiormente copia de correos intercambiados co coordinador e outros responsables académicos e docentes (novas solicitudes de información, solicitude de recoñecemento da actividade profesional, claro cuestionamento do labor do titor do *Practicum*, asignación de titor para o TFM ...). O feito de que o valedor universitario estea ao corrente de todo o proceso parece xerar unha maior confianza na interesada, quen finalmente consegue rematar os seus estudos cunha defensa do TFM non exenta de polémica.

---

**CASO 575/352** Data 16/10/2014

Reclamante: Grupo de alumnas/os	Motivo	Ao ter pendente de superar unha materia anual ou unha materia do 2.º cuatrimestre da primeira metade do plan de estudos, non poden matricularse no TFG para finalizar os seus estudos de grao, o que, para moitos deles, supón non poder matricularse no curso seguinte no mestrado que os habilitaría para o exercicio da profesión.
Inicio: 20/10/2014		
Remate: 11/02/2015		
	Actuacións	Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías.
	Resolución	O 20/10/2014 informo do contido do correo a Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías (VTCTN), cunha análise do alcance da normativa en que se conclúe que as diferenzas na configuración do plan de estudos no caso desa titulación (materias anuais) e o feito de que unha materia pendente da primeira metade dos estudos poida impedir ou non a matrícula do TFG segundo que sexa do 2.º ou do 1.º cuatrimestre están a xerar situacións de desigualdade que, na medida do posible, cumpriría superar. Solicítase un estudo da situación e recoméndase que se faga unha reforma da normativa de carácter máis inclusivo, obviando na medida do posible esas circunstancias. O 29/10/2014 contacto coa adxunta de Títulos da VTCNT para tratar o asunto. Segundo me comenta, existen tamén propostas de centros en sentido máis restritivo, polo que queren analizar o tema en profundidade antes de pronunciarse; a modificación podería demorarse algo. Infórmase aos interesados. Próximo a rematar o primeiro cuatrimestre, o 5/12/2014 a primeira asinante da queixa interésase por saber se había algunha novidade e pregúntame se sería unha boa opción que elas/es falasen directamente co vicerreitor para informalo de primeira man do problema que lles afecta. Tras falar de novo coa adxunta de Títulos da VTCNT e coñecer que no próximo Consello de Goberno non estaba prevista ningunha

---

---

modificación da norma, o 09/12/2014 pódoo en coñecemento do alumnado, reúnome con eles o 16/12/2014 para debater a fondo sobre o asunto e comentarlles a miña intención de remitir de inmediato un oficio ao vicerreitor recomendándolle unha solución en positivo. Aconséllolles que, de non producirse unha resposta rápida por parte da Vicerreitoría, tal e como suxerían, pidan cita co vicerreitor para trasladarlle a súa problemática de primeira man. Recomendolles tamén que, se o desexan, acheguen o seu expediente académico, pois é un problema que está a afectar tamén a estudantes con elevadas cualificacións.

O propio 16 de decembro de 2014 remito un oficio ao vicerreitor de TCNT en que suxiro a modificación do artigo 1.2 da Normativa reguladora da matrícula e a defensa do TFG e do TFM, mantendo o seu espírito pero corrixindo na medida do posible os agravios comparativos derivados de que a materia da primeira metade do plan de estudos pendente de superar sexa anual ou non, ou sexa do 1.º ou do 2.º cuatrimestre. Trataríase de equilibrar ao máximo as condicións requiridas para o acceso ao TFG. Unha norma reguladora de carácter xeral debería afectar por igual a todo o alumnado da universidade, tratando de evitar calquera tipo de discriminación por razón de diferenzas entre os plans de estudos.

O 10 de febreiro, a primeira asinante da queixa comunícame amablemente que a reunión co vicerreitor levou a unha solución do problema sen modificación da normativa, ao posibilitarlles a defensa do TFG entre outubro e decembro, tras o cal a matrícula no mestrado adquiriría un carácter formal. Esta solución podería xerar problemas para os demandantes de bolsas do Ministerio, pero na Vicerreitoría comprometéranse a buscar tamén o modo de arranxalo.

---

**CASO 577/354** Data 30/10/2014

Reclamante: De oficio	Motivo	Un alumno solicita asesoramento e orientación sobre como enfocar un recurso de alzada ante a resposta negativa á súa solicitude de aprobado por compensación de dúas materias que durante os seus estudos sempre foran tratadas como unha soa. O alumno comenta que cre estar nunha circunstancia similar á doutro alumno que no pasado recente obtivera o aprobado por compensación tras a presentación dun recurso de alzada.
Inicio: 30/10/2014		Como queira que se participara activa e decisivamente na resolución favorable á que facía referencia o interesado (caso de referencia 542/319) e tendo en conta que o alumno que agora pide asesoramento parecía non ser o único que volvía atoparse nesas mesmas circunstancias, tras asesoralo, remito un escrito, de oficio, ao vicerreitor de Títulos Calidade e Novas Tecnoloxías no que incido sobre ese particular, co fin de velar polos lexítimos intereses do conxunto do alumnado que puidese atoparse nas mesmas circunstancias.
Remate: 19/12/2015		
	Actuacións	Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías.
	Resolución	O 19/12/2014 recibimos do Servizo de Organización Académica copia das resolucións reitorais recaídas sobre os recursos de alzada presentados polo estudante que fixera a consulta e dous estudantes máis. Tales resolucións, apoiadas no informe do valedor universitario do 14 de abril de 2014, resultan favorables para os interesados.

---

**CASO 597/374** Data 04/05/2015

Reclamante: Alumno	Motivo	Alumno de mobilidade Erasmus cun contrato de estudos que se vería fortemente modificado na súa chegada a destino. Considera que se trata dunha causa sobrevida absolutamente allea á súa
Inicio: 06/05/2015		

---

Remate: Sobresaído

vontade e solicita a desistencia de matrícula en tres materias con devolución de prezos públicos, dispor no curso seguinte dunha segunda matrícula gratuita ou, en último extremo, que na segunda matrícula do curso seguinte se lle detraia do pagamento desas tres materias o importe xa aboado este curso por primeira matrícula.

Actuacións	Normativa.
Resolución	O reclamante alega que a causa pola que se viu nesa situación foi unha mala información por parte de persoal da UDC (“contacté telefonicamente con personal de la UDC, que me tranquilizó sobre posteriores modificaciones”). Comenta tamén no seu escrito que realizara unha solicitude de eliminación de matrícula ao decano e que lle fora desestimada. Desde a Oficina do Valedor remíteselle un correo ao reclamante, no que se lle comunica que antes de proceder a ocuparnos do caso, empezando por contactar co coordinador Erasmus e co decanato, precisamos que concrete cal foi o persoal da UDC co que contactou telefonicamente, e que nos remita os ficheiros da súa solicitude ao decano e da correspondente solución que di anexar no seu correo e que non recibiramos. O asunto dáse por sobresaído, ao non recibir ningún tipo de resposta á nosa solicitude de información.

## Curso 2013/2014

### CASO 528/305 Data 23/09/2013

Reclamante: Alumno	Motivo	Denégaselle, por falta de documentación, un cambio de grupo que solicitaba por causa médica xustificada. Expón que descoñece cal é a documentación non presentada.
Inicio: 23/09/2013	Actuacións	Dirección do centro.
Remate: 27/09/2013	Resolución	Tras contactar coa dirección do centro, procedeuse á revisión da solicitude de cambio de grupo que, finalmente, foi concedida ao cumprir o interesado cos requisitos previstos no regulamento para o efecto.

### CASO 529/306 Data 02/10/2013

Reclamante: Alumna	Motivo	Solicita que se lle facilite un cambio de grupo ao que cre ter dereito para poder conciliar os estudos coa súa vida laboral.
Inicio: 03/10/2013	Actuacións	Dirección do centro.
Remate: 11/10/2013	Resolución	Tras falar coa dirección do centro, indícanse as posibles vías polas que se podería tratar de solucionar a situación: intercambio de quenda con outro alumno ou nova solicitude para analizar pola comisión, alegando as súas especiais circunstancias de escolarización que traen causa na matrícula efectuada o curso precedente. Coméntaselle cales son os límites dos seus dereitos a conciliar os estudos coa vida laboral e infórmase de que de non optar por ningunha das dúas vías propostas só lle quedaba a vía do recurso, para o que, ao meu xuízo, disporía como único fundamento das expectativas derivadas da escolarización o pasado curso nun grupo específico para ese tipo de alumnado.

### CASO 533/310 Data 04/11/2013

Reclamante: Alumna	Motivo	Busca dunha solución a unha singular situación académica derivada de non se presentar en prazo á última convocatoria do diploma de estudos avanzados (DEA, setembro de 2011) por motivos que a interesada considera alleos.
Inicio: 06/11/2013		
Remate: 25/11/2013		Tras varios anos tentando superar as diferentes vías que lle deran

acceso ao programa de doutoramento, matricúlase nun mestrado en que se lle recoñecen 21 créditos polos estudos cursados no antigo plan do DEA, e 30 créditos dun mestrado xa extinto. Para completar os 60 créditos necesarios para poder ser admitida nun programa de doutoramento, debe superar os 9 créditos restantes (3 materias), e solicita dispensa académica de asistencia a clases por motivos laborais.

Actuacións	Coordinador do mestrado na UDC e Sección de Estudos de Doutoramento.
Resolución	Logo de xuntar información ao respecto na Sección de Estudos de Doutoramento e interesarnos pola situación da alumna ante o coordinador do mestrado na UDC (trátase dun mestrado interuniversitario), a comisión interuniversitaria deste acorda outorgar á interesada a dispensa académica solicitada, o que lle permitirá rematar os estudos requiridos para poder ser, finalmente, aceptada no programa de doutoramento.

**CASO 535/312** Data 08/01/2014

Reclamante: PDI

Motivo

Quéixase da situación que esta a vivir nun mestrado no que imparte docencia e considera que esta pode ter que ver coa situación de acoso laboral que di estar a sufrir no seu departamento. Solicita unha modificación de horarios por se sentir discriminado e ao considerar que non se lle está a considerar a conciliación coa súa vida familiar.

Inicio: 13/01/2014

Remate: 11/03/2014

Actuacións	Coordinador do mestrado.
Resolución	<p>O tratamento do caso apóiase nunha análise pormenorizada da numerosa información e documentación requirida e remitida polas partes, pois foron numerosos os correos e as chamadas telefónicas do profesor atendidas na Oficina do Valedor Universitario ao longo de todo o proceso.</p> <p>Realízase un amplo e detallado informe, que se remite ás partes e que remata coas seguintes consideracións finais do valedor universitario:</p> <p><i>Da documentación posta á miña disposición polas partes, non se desprende ningún indicio nin evidencia de discriminación nin de acoso ao profesor, nin por parte do coordinador do mestrado nin da coordinadora do itinerario.</i></p> <p><i>O coordinador debe velar porque se aproben os horarios en tempo e forma. Só en casos excepcionais e por cuestións sobrevidas parece xustificada unha modificación de horarios con posterioridade á matrícula do alumnado. Os cambios horarios poden afectar non só á programación do alumnado mais tamén á do profesorado.</i></p> <p><i>A coordinación dun mestrado e a coordinación dos seus itinerarios non resultan nada doadas sen a colaboración do profesorado, entre outros, na configuración de calendarios e na verificación de posibles erros que afecten ás súas materias; o profesorado debe estar facilmente accesible para posibilitar un rápido e eficaz labor de coordinación, especialmente cando o seu réxime de dedicación é a tempo completo.</i></p> <p><i>Ante calquera erro detectado nun horario relativo á defensa dun TFM, e mesmo cando pola súa natureza cabe esperar que será facilmente detectado e correctamente interpretado polos membros do tribunal, as/os coordinadores deben extremar o celo asegurándose de que a comunicación do erro chegue a todos eles coa maior antelación posible.</i></p> <p><i>Antes de proceder a remitir queixas ou acusacións de presunto acoso laboral, o profesor debería centrarse en solicitar e, de ser preciso, reclamar en tempo e forma, ante os órganos directamente responsables, o que considera os seus dereitos. O acoso laboral é unha cuestión moi seria tanto para quen puidera estar a sufrilo</i></p>

---

*como para quen fora indebidamente acusado de cometelo, e non se pode basear en medias verdades ou claras esaxeracións.*

No tocante aos horarios, e unha vez que o profesor procede a solicitar expresamente por escrito a conciliación da vida laboral e familiar, desde a dirección do centro dásenos traslado dun correo do coordinador do mestrado de 29/01/2014, dirixido aos coordinadores do itinerario e ao profesor, no que se recolle que, atendendo a solicitude do profesor, así como as orientacións do Valedor Universitario, os coordinadores do mestrado e do itinerario acordan modificar o horario do módulo. O novo horario permite ao interesado conciliar a súa actividade docente no mestrado coa súa vida familiar.

---

**CASO 536/313** Data 10/01/2014

Reclamante: Alumno	Motivo	Desde o curso académico 2010/2011 manténselle un erro na cualificación dunha materia no seu expediente, a pesar de que tal erro fora recoñecido polo profesor responsable e se lle comunicara que ía ser corrixido.
Inicio: 13/01/2014		
Remate: 14/01/2014	Actuacións	Administración do centro e profesor da materia.
	Resolución	Tras contactar coa Administración do centro e comprobar que o profesor responsable da materia era outro, contáctase co profesor con quen falara o alumno no seu día e el mesmo se encarga de comunicarllo ao profesor responsable para que se proceda de inmediato á reparación do erro no expediente do alumno.

---

**CASO 540/317** Data 31/01/2014

Reclamante: Alumna	Motivo	Solicita a mediación do valedor universitario ante o profesorado que lle estaría a obrigar a asistir a conferencias, charlas e demais actividades formativas fóra do seu horario lectivo. A falla a tales actividades podería levar á perda da condición de alumnos presenciais, o que lles ocasionaría serios problemas. A alumna alega as súas dificultades para a asistencia fóra do horario previsto por razóns de traballo.
Inicio: 31/01/2014		
Remate: 04/02/2014		
	Actuacións	Dirección do centro.
	Resolución	Infórmase da queixa á decana e solicítaselle que analice a situación co profesorado implicado, tendo presente que, a pesar da rixidez imposta polos horarios oficiais aprobados na xunta de centro, non debería impedirse o aproveitamento doutras actividades que se consideraren de interese para o alumnado, como tampouco debería penalizarse ao alumnado por non participar en actividades que se realizaren fóra do horario fixado, salvo que nas propias guías docentes se advertira desa posibilidade. Logo de se reunir co profesorado implicado, a decana comunica ao valedor que, aínda que cando presentan as guías docentes informan ao alumnado de que "excepcionalmente" podería organizarse algunha actividade fóra do horario e mesmo fora da facultade (por non ser posible desenvolve-la por motivos varios no horario establecido), e mesmo considerándoa moi interesante desde o punto de vista académico, en ningún caso se pretende penalizar o alumnado que non poida asistir. Ao tempo, a decana manifesta o seu ofrecemento a dialogar co alumnado se aínda lles quedase algunha dúbida en relación co asunto. Envíase a resposta da decana á interesada.

---

**CASO 545/322** Data 10/03/2014

Reclamante: Alumna	Motivo	Irregularidades por parte dun docente do centro, das que
--------------------	--------	--

---



Inicio: 14/03/2014

Remate: 17/10/2014

seguramente a administración e a dirección do centro non estean ao corrente, e consistentes na reiterada modificación dos horarios de clase e das datas oficiais de exame sen motivos xustificados, así como na asignación dun libro de texto do que o propio profesor fala mal del. Parte dos feitos ocorreron o curso pasado, pero non presentou reclamación porque contaba con que ese profesor non lle ía volver dar clases, dado que o centro garante que quen leve varios cursos seguidos terá diferentes profesores.

---

Actuacións	Dirección do centro.
Resolución	Informo do contido do escrito de queixa ao director do centro para que verifique en que medida se están a producir ou non os incumprimentos denunciados pola reclamante e que, de ser o caso, interveña para que non se volvan producir. O 17 de outubro, o director do centro agradece a transmisión da queixa, manifesta o seu descoñecemento sobre o particular e comprométese a comprobar as posibles condutas anómalas denunciadas, prestando ao asunto toda a atención que se merece. Tocante ao anuncio que se fai na páxina web de que se cambiará de profesor periodicamente para que ningún estudante que permaneza varios cursos no centro teña sempre o mesmo profesor, comenta que ese propósito non está a resultar nada doado, pois o cambio de profesor adoita provocar unha morea de queixas e mesmo “ameazas” con abandonar os estudos. Comunícase a resposta do director á interesada.

---

**CASO 548/325** Data 19/03/2014

Reclamante: Alumno

Motivo

Tras recibir unha resolución en que se desestima a súa solicitude de revisión de cualificación, o alumno solicita a intervención do valedor para que comprobe os feitos, como paso previo a un recurso de alzada. Cuestiona tamén un axeitado cumprimento do profesor coas súas obrigas docentes.

Inicio: 26/03/2014

Remate: 28/04/2014

---

Actuacións	Dirección do centro.
Resolución	Tras a análise da documentación solicitada ao director do centro en relación coa reclamación e a súa resolución, conclúese que os criterios de avaliación empregados se axustan aos publicados na guía docente. Con data 3 de abril, dentro do prazo para a presentación dun posible recurso de alzada, infórmase detalladamente ao alumno de por que non se aprecia fundamento ningún que sustente unha reclamación ante o reitor, e coméntaselle que, en calquera caso, esta é unha decisión que debe tomar o propio alumno, e de quedarlle a menor dúbida sobre a súa cualificación e o procedemento que a sustenta, pode consultar toda a documentación na Oficina do Valedor ou na dirección do centro. Sobre as cuestións relativas ao incumprimento das obrigas docentes por parte do profesor, o 16 de abril de 2104 recíbese escrito do director do centro, acompañado dun informe do profesor. Logo de remitirle ambos os documentos ao alumno, este cuestiona abertamente en dous correos consecutivos de data 22/04/2014 diversos puntos do informe do profesor e pide de novo a intervención do valedor universitario para que “se apliquen las normas relativas que figura en la legislación y en la guía docente y deje claro que mi objetivo principal es que se cumplan las mismas”. Nun terceiro correo, remitido dous días despois, o alumno solicita ao valedor copia do exame “para corroborar los hechos.” Nun último correo remitido ao alumno o 28 de abril de 2014, coméntaselle que unha vez presentado un recurso de alzada, a intervención do valedor universitario xa non resulta procedente (art. 16.3 do Regulamento do valedor universitario) e que xa ten neses momentos encamiñada a súa reclamación pola vía axeitada.

---

---

Canto aos presuntos incumprimentos docentes do profesor, ao tratarse de asuntos que non foran denunciados por ninguén no seu día, non procedía agora ir máis aló dos pasos xa dados. O escrito remata co seguinte comentario: “De consideraren os/as estudantes que un profesor non está a cumprir coas súas obrigas docentes, e se unha vez que advirten ao profesor este non atende a razóns, deben poñelo inmediatamente en coñecemento do departamento e/ou do centro, segundo o asunto do que se trate. Se a resposta dada pola dirección do departamento e/ou do centro non leva a atallar o problema, é daquela cando resulta axeitada a intervención do valedor universitario.”

---

**CASO 549/326** Data 18/03/2014

Reclamante: Alumno	Motivo	Quéixase da descoordinación e falla de programación do profesorado dalgunhas materias e solicita que se adopten as medidas oportunas para corrixilas.
Inicio: 21/04/2014	Actuacións	Dirección do centro.
Remate: 30/04/2014	Resolución	<p>Solicítase á dirección do centro que verifiquen a existencia ou non das referidas fallas de programación e coordinación e que, de ser o caso, se adopten as medidas oportunas para palialas.</p> <p>O director do centro envía os informes que lle foron remitidos por moitos dos profesores implicados na docencia en cuestión e consigna os seguintes antecedentes: a) Desde hai dous anos, ao comezo do período de docencia, a dirección do centro convoca reunións de coordinación de todas as materias, nas que se acordan, entre outros aspectos, os contidos e as cargas non presenciais para os estudantes das diferentes actividades que as materias e o Taller propoñen, tendo por obxectivos xuntar esforzos e evitar, na medida do posible, solapamentos e entregas coincidentes (a organización realízase por semanas, desde a primeira ata a quinceava); b) Noméanse coordinadores de cada cuadrimestre en xunta de centro e existe, ademais, un coordinador de cada Taller nas materias dos Talleres; c) Os resultados da coordinación publícanse en Moodle.</p> <p>O informe do director conclúe coa indicación de que se cumpre coa programación semanal acordada, que dentro desa programación pode existir algunha variación de días de entrega nalgún grupo, atendendo aos horarios, peticións de estudantes ou axustes de cada profesor, e que entende que as reunións de coordinación programadas entre materias, dentro do taller e en cada materia son suficientes, polo que non procede tomar medidas excepcionais. Recolle, así mesmo, que existen deficiencias no proceso de transmisión desta información de coordinación a algúns estudantes que descoñecen Moodle e o plan de estudos do grao.</p> <p>Comunicáselle ao alumno toda a información remitida polo director do centro, ao tempo que se lle comenta o seguinte: por cuestións de procedemento, e para evitar unha carga extra de traballo ao profesorado e aos órganos de goberno do centro, sempre que sexa posible, o alumnado debería acudir en primeira instancia aos profesores, aos responsables de organización da docencia e aos órganos de goberno do propio centro. As/os representantes do alumnado constitúen unha vía de actuación moi axeitada para informar de determinados problemas cando, polas razóns que for, un estudante ten a teima de que unha actuación máis directa podería chegar a prexudicalo/a.</p>

**CASO 553/330** Data 05/04/2014

Reclamante: Alumna	Motivo	A coordinadora de prácticas do centro non está dispoñible, non
--------------------	--------	--

Inicio: 08/04/2014  
Remate: 21/04/2014

resolve as dúbidas ou problemas que ten a alumna coas empresas ofertadas e non cumpre cos súas funcións de coordinación. Unha queixa presentada no decanato sobre o particular pola interesada e dúas compañeiras máis non foi admitida a trámite pola comisión académico-docente do centro.

---

Actuacións	Dirección do centro.
Resolución	<p>Infórmase ao decano do contido substancial da queixa e solicítolle unha análise do caso co fin de comprobar os feitos denunciados e, de ser o caso, proceder á procura da solución máis axeitada. Logo de lle comunicar esta actuación á alumna e que seguiremos en contacto, o 9 de abril recibo un correo en que agradece a xestión e comenta que lles gustaría remitir a queixa á Vicerreitoría de Estudantes e que o farán nos próximos días. Así mesmo, pregunta que consecuencias tería que unha carta que lle enviaron do decanato non se axuste á realidade, por ser a data da resolución anterior á da presentación da queixa. Coméntolle que o asunto da data seguramente se tratará dun erro material, que desde o meu punto de vista sería mellor agardar a ver que pasos se dan desde o decanato antes de remitir a queixa á Vicerreitoría de Estudantes, Deportes e Cultura, mais en calquera caso están no seu dereito de presentar a queixa cando o estimen oportuno.</p> <p>O 10 de abril recíbese un correo do decano coa achega da documentación que a comisión académica do centro estudou antes de decidir a inadmisión da reclamación das tres alumnas tendo en conta os termos en que foron formuladas. En resposta ás ditas queixas, a coordinadora presentara á comisión académica os correspondentes informes. No informe relativo á reclamante, despois de facer referencia á publicidade existente na páxina web do centro, de recoller que tanto na extensión do vicedecanato como na extensión da secretaría do decanato, se atenden todas as consultas telefónicas realizadas sobre as prácticas, e de indicar que se dispón, ademais, dun enderezo de correo electrónico exclusivamente dedicado á xestión das prácticas, a coordinadora detalla e achega copia dun total de oito correos electrónicos que lle foran remitidos á interesada (entre os días 13 e 24 de febreiro) en resposta a outras tantas consultas súas (as respostas efectúanse o mesmo día ou como máximo dous días despois, e mesmo tres delas tiveron lugar en sábado e unha en domingo); o informe da coordinadora remata sinalando que ademais das sucesivas consultas por correo electrónico, e dunha entrevista persoal sen ningunha incidencia o 24 de febreiro, atendeuse telefonicamente á interesada, así como a un familiar seu, persoal da UDC, que se interesou polo tema das prácticas en tres ocasións. O 16 de outubro o decano comunica que o asunto da data debeuse a un erro nas actas da reunión, nas que figuraba febreiro no canto de marzo como podía facilmente comprobarse á vista da convocatoria coa orde do día da sesión. O 21 de abril remito informe á reclamante e infórmoa da plena disposición do decano a falar sobre o asunto das prácticas cos/as estudantes que o desexen, para o cal deberán poñerse previamente en contacto coa titora PAT.</p>

---

**CASO 561/338** Data 30/06/2014

Reclamante: Alumno	Motivo	Solicita poder matricularse para defender o seu traballo de fin de grao (TFG) xa que, ao remate da primeira oportunidade, ten todas as materias superadas, agás o TFG.
Inicio: 30/06/2014		O alumno fai a súa solicitude con base no artigo 2.3 da Normativa reguladora da matrícula e defensa do TFG e do TFM, e mais no artigo 20.4 das Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario.
Remate: 04/07/2014		

---

Actuacións	Secretaría Xeral e dirección do centro.
Resolución	<p>O alumno está pendente de que se resolva a petición feita no seu centro. Tras falar co director do centro este interpreta que, en aplicación da norma, debería autorizar a matrícula deste e doutros alumnos en similares circunstancias, pero está a espera da resposta que lle garanta que non estaría a conculcar ningún dereito.</p> <p>Na miña opinión, atendendo á literalidade dos precitados artigos, todo parece indicar que a devandita matrícula debería poder levarse a efecto, polo que, tras fundamentar as miñas apreciacións, solicito un pronunciamento urxente do secretario xeral que permita desbloquear o asunto nun senso ou noutro.</p>

**CASO 565/342** Data 28/08/2014

Reclamante: Alumno	Motivo	Solapamento de horarios de clases. Tras un cambio de horarios aprobado en xunta de centro co voto en contra de todo o alumnado, todos os cursos da titulación pasan a ter horario de mañá, o que imposibilita a asistencia a clases de cursos consecutivos por solapamentos, e xera problemas en relación coas bolsas do Ministerio ao non poder matricularse de todos os créditos precisos ou, en caso de facelo, darse incompatibilidades horarias. Cuestiona a legalidade dos novos horarios.
Inicio: 03/09/2014		
Remate: 05/09/2014		

Actuacións	Dirección do centro.
Resolución	<p>Tras contactar co director do centro para analizar posibles solucións que axuden a paliar os prexuízos derivados da nova situación, fanse chegar ao interesado as seguintes consideracións:</p> <p><i>Sobre a legalidade dos novos horarios non parece haber dúbida, toda vez que foron aprobados de acordo coas normas establecidas e polo órgano colexiado competente. O límite de solapamento horario esixible restrínxese ao ámbito dun mesmo curso académico.</i></p> <p><i>As dificultades que xera a coincidencia de horarios entre materias de dous cursos consecutivos gardan relación en gran medida, coa aplicación do artigo 5.1 da Normativa de permanencia de estudantes de grao e máster da Universidade da Coruña, que recolle: O alumno de continuación de estudos de Grao, con réxime de tempo completo, deberá matricularse respectando o número máximo de créditos autorizado na normativa correspondente, incluíndo todos os créditos de formación básica e obrigatoria, daqueles cursos académicos anteriores, que non teña superados.</i></p> <p><i>A influencia do solapamento é, como vostede indica, unha dificultade engadida de cara á obtención e ao mantemento das bolsas de estudo que anualmente convoca o Ministerio.</i></p> <p><i>Tendo en conta todo isto, centrei a miña preocupación en que por parte do centro se tiveran moi en conta todos os prexuízos relacionados cos novos horarios e se tentaran paliar na medida do posible, inculcando no profesorado a importancia dunha máxima flexibilidade en relación con posibles cambios de grupo, obrigatoriedade de asistencia a clases... O director do centro amosouse moi receptivo e comentou que xa estaban a traballar sobre o particular en contacto co profesorado e cos representantes do alumnado.</i></p> <p><i>É a miña intención presentar nos próximos meses unha recomendación á Reitoría co ánimo de impulsar a modificación do referido artigo 5.1 da Normativa de permanencia, pois ademais da súa negativa influencia no asunto que nos ocupa, pode ter tamén un efecto económico moi negativo sobre unha parte do alumnado (especialmente no caso de materias en que se producen reiteradamente suspensos masivos) e mesmo, en certos casos, podería repercutir moi negativamente sobre o rendemento académico do alumnado.</i></p>

## Curso 2012/2013

### CASO 485/262 Data 27/09/2012

Reclamante: Alumna	Motivo	Atrasos no peche de actas e no cumprimento dos prazos para a revisión de exames. Incumprimento da data posteriormente anunciada para a revisión, con prexuízo para o alumnado que acudiu expresamente a esta.
Inicio: 28/09/2012		
Remate: 01/10/2012	Actuacións	Dirección do centro.
	Resolución	Infórmase á interesada de que para a materia en cuestión o tempo dispoñible para a corrección dos exames se viu moi reducido, por coincidir o día inicialmente fixado no calendario (7 de setembro) coa data fixada pola Reitoría para a inauguración do curso académico por razóns de protocolo. Ao quedar o día 7 inhabilitado para efectos académicos, a data do exame mudouse ao día 17. Infórmase da queixa e da resposta á dirección do centro, coa solicitude de que o poña en coñecemento dos profesores da materia e que estes lles expliquen aos alumnos os motivos do atraso e do incumprimento da data anunciada para a revisión.

### CASO 486/263 Data 02/10/2012

Reclamante: Alumno	Motivo	A publicación das cualificacións dunha materia segue sen producirse pasada unha semana do prazo oficial fixado para o peche de actas e cando o novo curso xa está a comezar. Temor a que, nesas circunstancias, non se respecte o dereito á revisión do exame.
Inicio: 03/10/2012		
Remate: 03/10/2012	Actuacións	Dirección do centro.
	Resolución	A pesar de que o mesmo día en que o alumno presentou a queixa, remitiu un novo correo para informar de que viñan de saír publicadas as notas, o valedor universitario pon os feitos en coñecemento da dirección do centro pois o exame tivera lugar a primeiros de setembro e xa no curso pasado se producira un atraso na publicación das notas desa mesma materia. O director do centro coincide co valedor universitario na importancia de que a publicación das notas e o peche de actas se produzan dentro dos prazos fixados, e comprométese a falar co profesor e a velar para que no futuro non se volvan repetir este tipo de situacións.

### CASO 487/264 Data 02/10/2012

Reclamante: Alumna	Motivo	Non pode facer uso da oportunidade de xullo por coincidirlle a data do exame coa súa participación cun campionato mundial.
Inicio: 02/10/2012	Actuacións	Dirección do centro e Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías.
Remate: 05/10/2012	Resolución	A pesar de que xa pasaran os prazos para reclamar, contáctase co decano para coñecer o sucedido e trasladarlle, de selo caso, a necesidade de dar resposta a ese tipo de situacións. O decano comenta que, en efecto, a lexislación recolle que as universidades facilitarán a compatibilidade dos estudos dos deportistas de alto nivel e de alto rendemento coa súa participación nese tipo de eventos, pero que a UDC non ten desenvolvida unha normativa ao respecto e que, a pesar de terllo pedido, o profesor da materia non quixo facer máis exames que o que estaba formalmente aprobado pola xunta de centro. Ante esta situación, o valedor universitario comenta o asunto co vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías e acaba por remitirlle un escrito, con copia á vicerreitora de Estudantes, Deportes e Cultura, no que fundamenta a urxente necesidade de regular a compatibilidade dos estudos coa práctica

---

deportiva para os/as estudantes recoñecidos como deportistas de alto nivel polo Consello Superior de Deportes ou como deportistas de nivel cualificado ou similar polas comunidades autónomas, de acordo co estipulado nos RD 971/2007 e 1791/2010.

---

**CASO 498/275** Data 15/01/2013

Reclamante: Alumno	Motivo	Reclama o dereito a ser examinado dunha materia á que non se presentou porque houbo un cambio de datas (do 14 ao 9 de xaneiro) do que non tiña constancia. Expón que xa tiña os horarios de exames aprobados pola Xunta de Centro antes de formalizar a matrícula e que os horarios os cambiaron no mes de outubro.
Inicio: 15/01/2013		
Remate: 08/05/2013		
	Actuacións	Dirección do centro e Servizo de Organización Académica.
	Resolución	Tras conversar co director do centro, remítenos un informe e a documentación en que se aprecia que no mes de xullo a Xunta de Centro aprobara un calendario provisional de exames, e que este fora definitivamente aprobado en setembro, con algunhas modificacións, e publicado no taboleiro de anuncios e na páxina web do centro ao día seguinte da súa aprobación. O alumno matriculouse con posterioridade, o 15 de novembro. Por outra banda, con data 27 de decembro o propio alumno solicitou expresamente información ao centro sobre horarios e datas de exame que, a pesar de estaren publicadas na páxina web e no taboleiro de anuncios, lle foron remitidas por correo electrónico. Desde a Oficina do Valedor Universitario, o 24 de xaneiro remítese informe ao interesado, en que tras recoller integramente o informe do director, algún datos de interese que constan na documentación remitida pola dirección do centro, e tras facer mención da normativa para os efectos, indícaselle que parece difícil que unha reclamación formal ante os órganos competentes, á que en todo caso tería dereito, fose a prosperar. O alumno decide presentar unha reclamación ante o reitor, prepara un escrito e sométeo á consideración do valedor, ao que lle pide opinión e asesoramento. O valedor coméntalle, entre outras cousas, que a súa opinión está xa reflectida no informe que, se o desexa, poderá achegar xunto coa reclamación, e indícalle que un recurso debe basearse fundamentalmente en evidencias documentadas e asemade evitar un excesivo recurso aos xuízos de valor. Ao cabo de tres meses, o reclamante ponse de novo en contacto co valedor universitario para lle indicar que presentara un recurso ante o reitor e que aínda non recibira resposta; pide ao valedor que examine de novo todo o asunto e actúe como considerar oportuno. O valedor universitario ponse en contacto co Servizo de Organización Académica, que confirma a presentación do recurso e informa de que vai ser trasladado á Vicerreitoría de Estudantes, Deportes e Cultura. Infórmase deste extremo ao reclamante, ao tempo que se lle comunica que, en cumprimento do artigo 16.3 do Regulamento do valedor universitario, o valedor debe absterse de intervir por ter presentado un recurso ante outro órgano.

**CASO 503/280** Data 18/02/2013

Reclamante: De oficio	Motivo	Solicitud de análise e actuación para un acceso máis igualitario á realización do traballo de fin de grao (TFG), tratando de minimizar os efectos perversos dos suspensos masivos nalgunha materia da primeira metade.
Inicio: 21/02/2013		
Remate: 21/02/2013		
	Actuacións	Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías.
	Resolución	A necesidade de ter superados non só os 180 créditos aos que obriga a lexislación, máis tamén a primeira metade dos estudos

---

para poder realizar o TFG, tal e como se recolle no apartado 2.9 da Normativa pola que se regulan as ensinanzas oficiais de grao e mestrado universitario na UDC, agrava aínda máis a indesexable situación académica que está a sufrir o alumnado que cursa os seus estudos en centros onde existen materias da primeira metade nas que se están a producir suspensos masivos que semellan anormalmente elevados.

Partindo desa base, o valedor universitario dirixe un escrito ao vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías en que pretende poñer de relevo ese importante problema, ao tempo que lle solicita a súa implicación para unha pronta solución.

Tras exemplificar cos perniciosos efectos que se están xa a dar nun determinado centro en que a media de aprobados por oportunidade nunha materia do primeiro curso se sitúa por volta do 5% das persoas matriculadas, o valedor universitario comenta no seu escrito que permitir, en todas as titulacións de grao, matricularse e realizar o TFG a pesar de ter pendente de superar un pequeno número de créditos da primeira metade do grao, contribuiría a facer máis igualitarias as condicións reais de acceso á realización do TFG nos distintos graos, e minimizaría os efectos perversos xa sinalados dos suspensos masivos que se están a dar nalgúns titulacións. Este requirimento parecería axeitado cando menos mentres non se poña coto aos suspensos masivos indebidos.

---

**CASO 505/282** Data 11/03/2013

Reclamante: Alumno	Motivo	Solicita poder cursar o mestrado en que está matriculado, coas circunstancias que lle indicaron antes da matrícula.
Inicio: 11/03/2013	Actuacións	Documentación e normativa.
Remate: 12/03/2013	Resolución	<p>Caso relacionado co expediente 504/281. Trátase dunha reclamación do propio alumno tras o escrito remitido polo valedor ás partes.</p> <p>Tendo en conta de que o alumno non achega ningún tipo de documentación adicional aos correos xa remitidos días atrás, de que neses correos e no seu extenso escrito de reclamación só se verten xuízos de valor sen achegar ningún tipo de evidencia documental, de que o coordinador do mestrado desmentirá (en conversa telefónica) terlle asegurado ao alumno as súas pretensións nin verbalmente nin por escrito, de que todo parecía indicar que a configuración e a publicidade oficial do mestrado facían explícito o seu carácter semipresencial e que este debe ser respectado tanto polo profesorado como polo alumnado, e considerando que o alumno non proporciona tampouco ningunha documentación na que se puidera apreciar que realizara previamente algunha reclamación formal ante os órganos competentes, o valedor universitario remite oficio ao interesado no que, tras poñer de manifesto todos estes extremos, condiciona a admisión a trámite da reclamación a que a dote de soporte documental. O valedor remata o seu escrito indicando: "Unha vez recibido o soporte documental que lle solicito, realizarei todas as indagacións que estime oportuno para a resolución do caso e a emisión do correspondente informe, que será remitido ás partes e ás autoridades académicas que estime pertinente, conforme co meu papel de velar polos dereitos que lle asisten a calquera membro da comunidade universitaria".</p> <p>O caso queda sobresido ao non recibirse na Oficina do Valedor ningún tipo de resposta nin documentación ningunha.</p>

---

**CASO 512/289** Data 07/05/2013

Reclamante: Alumna	Motivo	A profesora négase a impartir os contidos que figuran na guía docente da materia. Nun correo do 16 de maio, complementábase a reclamación cun escrito en que manifesta o seu desacordo coa decisión que vén de comunicarlles a docente, quen informa ao alumnado de que o exame do 21 de maio se axustará ao establecido na guía docente da materia e de que a avaliación se axustará aos indicadores nela establecidos.
Inicio: 08/05/2013		
Remate: 20/05/2013		
	Actuacións	Dirección do departamento e dirección do centro.
	Resolución	Ao recibir o primeiro escrito de queixa, desde a Oficina do Valedor solicítase ao director do departamento (con copia á decana) que analicen o asunto e adopten as medidas correctoras que se consideraren oportunas. Tras a recepción do segundo escrito, o valedor entende que o que lle remitiu a profesora aos alumnos debe interpretarse como que o exame versará sobre aqueles contidos impartidos que, ao propio tempo, aparecen recollidos na guía docente. Así llo transmite á reclamante, tras unha breve conversa coa decana.

**CASO 516/293** Data 21/05/2013

Reclamante: Grupo de alumnas/os	Motivo	Cambio das condicións de acceso ás convocatorias para a defensa do traballo de fin de grao despois de ter efectuada a matrícula. A normativa xeral, que vén de modificarse, impide presentar o TFG ata que se teñen superadas todas as materias, o que ocasiona graves e diferentes prexuízos para o alumnado. Solicitan solucións para poderen gozar das dúas oportunidades ás que pensaban ter dereito mesmo para o alumnado que completou a súa matrícula unha vez rematado o primeiro cuadrimestre, e a posibilidade de renunciar á matrícula se non chegaban a superar os créditos das outras materias e non podían defender o TFG.
Inicio: 22/05/2013		
Remate: 31/05/2013		
	Actuacións	Dirección do centro e Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías.
	Resolución	O valedor universitario réunese cos reclamantes e, tras analizar a normativa, aprecia que a pesar de que na Normativa pola que se regulan as ensinanzas oficiais de grao e mestrado universitario na UDC, aprobada polo Consello de Goberno na súa sesión de 27 de xuño de 2012, se recolle que para a defensa e cualificación do TFG é necesario que o/a estudante superase o resto dos créditos do título, a non adaptación do Modelo de regulamento dos TFG nos títulos de grao da Universidade da Coruña (aprobado polo Consello de Goberno do 22 de xullo de 2011) e das Directrices para a elaboración dos regulamentos relativos ao traballo de fin de grao nos graos da UDC (aprobadas polo Consello de Goberno con data de 22 de xullo de 2011) ata o 28 de febreiro de 2013, a través dunha corrección de erros aprobada en Consello de Goberno, puido, en efecto, levar a que os reclamantes se matricularan no TFG coa expectativa de poder defendelo sen máis requisitos que o de ter superados 180 créditos e a totalidade dos créditos dos dous primeiros cursos do grao. O valedor universitario contacta co decano e solicítalle unha maior flexibilidade da que xa acordaran no centro, adiando aínda máis as datas de entrega e de defensa dos TFG. O decano maniféstase disposto a retomar o asunto nesa dirección e a reunirse de novo co alumnado afectado. O valedor contacta, así mesmo, co vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías, quen se manifesta disposto a estudar posibles anulacións de matrícula en casos xustificadas e para quen non teña consumida ningunha oportunidade. Infórmase ás persoas interesadas e aconséllaselles que contacten novamente coa dirección do centro na procura das oportunas solucións.



## Curso 2011/2012

### CASO 445/222 Data 14/10/2011

Reclamante: Asociación de estudantes	Motivo	Petición da creación dunha convocatoria de exames excepcional para o estudantado da licenciatura en Dereito que non acadou o título a 31/10/2011.
Inicio: 14/10/2011	Actuacións	Servizo de Organización Académica.
Remate: 17/10/2011	Resolución	O escrito fora remitido ao decano con copia ao valedor universitario. Ao interesarnos polo asunto, infórmasenos de que xa non se pode facer nada ao respecto por mor do escaso prazo existente.

### CASO 453/230 Data 19/11/2011

Reclamante: Alumna	Motivo	Incompatibilidades horarias entre materias de distintos cursos do plan de estudos que se vai extinguir.
Inicio: 21/11/2011	Actuacións	Dirección do centro e Vicerreitoría de Organización Académica e Titulacións.
Remate: 05/01/2012	Resolución	Tanto a dirección do centro como a Vicerreitoría amósanse sensibles ás dificultades a que terán que se enfrontar moitos alumnos do plan de estudos en extinción por coincidencias horarias entre materias de distinto curso. A vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, facéndose eco dunha suxestión remitida polo valedor universitario, enviou unha circular ao centro para solicitar que na medida das súas posibilidades sexa atendida a seguinte suxestión: <i>Sempre que as ensinanzas dunha materia dun plan de estudos que se vai extinguir estean organizadas en máis dun grupo, os alumnos dos planos de estudo en extinción matriculados en materias con horarios coincidentes terán dereito a solicitar cambio de grupo para poder compatibilizar horarios.</i> A comisión permanente do centro acorda facilitar o cambio de grupo aos alumnos das materias que foran obxecto da reclamación, o que se lle comunica á interesada.

### CASO 477/254 Data 23/05/2012

Reclamante: Alumna	Motivo	Notables atrasos horarios no comezo das clases, fallas de asistencia por diversos motivos, ausencia en horario de titorías e masificación na aula impiden seguir a materia con normalidade.
Inicio: 24/05/2012	Actuacións	Dirección do centro.
Remate: 03/07/2012	Resolución	Infórmase do asunto á dirección do centro, solicítaselle que se verifiquen os feitos denunciados e, de se produciren, que actúe canto antes para que se reparen o máis axiña posible. Recíbese unha resposta conxunta dos diferentes profesores da materia en que sinalan que é a primeira vez que reciben unha reclamación neses termos e negan os feitos denunciados. Unicamente admiten que nalgúns ocasións houbo coincidencias entre o horario da materia e outras actividades académicas, que puideron ocasionar interferencias. A resposta dos profesores remata sinalando: "Confiamos en que a resposta á reclamación sexa satisfactoria, a pesar da ambigüidade e falta de concreción con que se expón esta. Non obstante, consideramos que a proximidade e accesibilidade de todo o profesorado de..... é máis que suficiente como para poder formular estas e outras cuestións de xeito directo. En calquera caso, se algún alumno se puido sentir incómodo na materia ou cos seus profesores solicitamos desculpas por iso e buscaremos o xeito de corrixilo no futuro." O valedor universitario pide unha maior concreción ao reclamante, de modo que o 11 de xuño achega esa nova información máis

---

detallada á dirección do centro, nun escrito que encabeza sinalando: "Unicamente a título informativo e pensando só no futuro, poño no seu coñecemento o que vén de transmitirme o alumno que presentou a queixa". Ese mesmo día, desde a dirección do centro, remítese ao valedor un correo para lle agradecer a detallada información e coa indicación de que será informado puntualmente do resultado da reunión co profesorado implicado. O 15 de xuño ten entrada na Oficina do Valedor Universitario un amplo informe elaborado polo profesorado da materia e supervisado polo profesor coordinador desta. Feitas algunhas pescudas, mais sobre todo a partir dunha análise detallada da información que se proporciona no devandito informe, o valedor universitario prepara un outro informe polo miúdo que remite ao reclamante, ao profesorado, ao coordinador da materia e ao director do centro, no cal manifesta notorias deficiencias, algunhas ligadas a unha escasa planificación horaria da materia en relación co número de créditos, outras á excesiva coincidencia con diversos eventos (xuntas de centro, consellos de departamento, reunións con outros docentes da mesma materia en horario de clases...) ou a outras circunstancias (cambio de localización da clase en numerosas ocasións por problemas coa adxudicación das aulas a principios de curso ou motivos persoais xustificadas) e, finalmente, outras relacionadas cun frecuente descontrol horario, coa masificación ligada á fusión de grupos ou mesmo cunha defectuosa organización da participación do alumnado na aula.

Así pois, logo de lles agradecer aos profesores, ao coordinador da materia e ao director do centro a súa pronta colaboración, o informe remata pedíndolles ás partes "unha lectura en positivo do presente informe, que só pretende reflectir unha pequena valoración sobre a queixa formulada e as alegacións presentadas.

O alumnado debe ser comprensivo con pequenas distorsións non sempre directamente imputables aos profesores, e os profesores, o coordinador da materia e os directores do departamento e do centro deben velar por que a docencia se desenvolva axeitadamente, satisfacendo os lexítimos dereitos do alumnado. Aínda que a docencia de..... do plan antigo se extingue xa este curso, confío en que algunhas das consideracións aquí efectuadas leven a todos a unha pequena reflexión que, na medida do posible, derive nun incremento da calidade da docencia desta materia no grao."

---

**CASO 483/260** Data 28/08/2012

Reclamante: Alumnas/os	Motivo	Cambio de datas oficiais de exames da convocatoria de setembro con diversos prexuízos para o alumnado por coincidir coa apertura de curso das universidades galegas.
Inicio: 29/08/2012	Actuacións	Dirección do centro, Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías e Vicerreitoría de Estudantes, Deportes e Cultura.
Remate: 25/09/2012	Resolución	Aconséllaselle ao alumnado o contacto directo co profesorado e mais coa dirección do centro para resolver as dificultades concretas de cada caso. Remítese un informe á vicerreitora de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías, con copia á vicerreitora de Estudantes, Deporte e Cultura, en que, tras comentar os feitos, se efectúa a seguinte recomendación: "Coa vista posta no futuro, e co fin de minimizar os prexuízos que un cambio de data de exames por imposibilidade sobrevida puidese ocasionar entre o alumnado, parece conveniente que se arbitre algún mecanismo de comunicación directa e inmediata a cada estudante, transmitíndolle toda a tranquilidade que se precisa nun período de estrés. Así, xunto co anuncio ou a previsión dunha nova data por parte do decanato ou

---

---

dirección do centro, podería considerarse e notificarse a posibilidade de dispoñer mesmo doutra data alternativa, que se fixaría co estudante, de ser preciso e por causas debidamente xustificadas".

---

## Curso 2010/2011

### CASO 411/188 Data 06/05/2011

Reclamante: Alumnos	Motivo	Tratamento de dúas materias cuadrimestrais como unha materia anual única e a problemática derivada; tratamento diferenciado de grupos sen igualdade de oportunidades.
Inicio: 11/05/2011	Actuacións	Profesor responsable e dirección do centro. Ampla documentación.
Remate: 24/06/2011	Resolución	Emítese un informe detallado con recomendacións de adaptación flexible á norma, tratando de conxugar os lexítimos intereses dos reclamantes cos intereses dos/as alumnos/as repetidores e a configuración do ensino, e tomando en consideración que se trata de materias dun plan de estudos a piques de extinguirse. O informe remítese ao colectivo reclamante, ao profesor responsable das materias, ao director do departamento, ao director do centro e mais á vicerreitora de Organización Académica e Titulacións.

---

### CASO 426/203 Data 01/07/2011

Reclamante: Alumno	Motivo	Contravéñense os artigos 19, 25 e 27 da Normativa académica de avaliacións, de cualificacións e reclamacións.
Inicio: 05/07/2011	Actuacións	Profesor.
Remate: 15/09/2011	Resolución	O profesor declina presentar alegacións por escrito. Da análise do caso despréndese que as cualificacións provisionais finais da materia foron publicadas dentro do prazo oficial, aínda que fóra do prazo publicado polo centro no seu calendario de exames e actas. A pesar de que a normativa académica recolle que as cualificacións dos traballos que sirvan para a avaliación do/a estudante deberán facerse públicas, como mínimo, sete días antes da realización do exame final da materia, transcorrido un mes desde a realización do exame final as notas dos traballos correspondentes á parte da materia impartida polo profesor seguían sen publicarse. Remítese informe ao reclamante, ao profesor, ao director do centro e á vicerreitora de Organización Académica e Titulacións.

---

### CASO 427/204 Data 14/06/2011

Reclamante: Dous alumnos	Motivo	Non publicación das notas da 1.ª convocatoria para dúas materias dun mestrado, á data de realización dos exames da 2.ª convocatoria.
Inicio: 01/07/2011	Actuacións	Coordinador do mestrado.
Remate: 05/07/2011	Resolución	Trátase dun mestrado interuniversitario. Postos en contacto co coordinador do mestrado (da UDC), constátase que os reclamantes están matriculados noutra universidade, polo que a deberían reclamar nesa universidade. A pesar diso, o coordinador preocupouse polo caso e informa da resposta do responsable na outra universidade, quen manifesta que as notas foran publicadas en prazo polas canles oficiais da súa institución.

---